



# CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: MTF

**Expediente núm. 2022/E001/000003**  
**2022/G003/000000794**

## **DECRETO DA CONCELLEIRA-DELEGADA DA ÁREA DE RECURSOS HUMANOS, INDUSTRIA E EMPREGO**

### **ANTECEDENTES DE FEITO**

1. Mediante a Resolución núm. 2022/12578, do 10 de marzo, da Presidencia da Deputación Provincial da Coruña (BOP núm. 50, do 15/03/2022), aprobouse a concesión definitiva de axudas á contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais nos concellos da provincia da Coruña durante o exercicio 2022 (PEL-Concellos).

Entre as entidades locais da provincia beneficiarias atópase o Concello das Pontes de García Rodríguez.

2. O obxecto da convocatoria é a selección de persoal para a provisión, en réxime laboral temporal, de seis (6) postos de traballo coa categoría profesional de peón/peoa para dar cumprimento ás condicións esixidas na subvención da Deputación Provincial da Coruña concedida ao concello mediante Resolución núm. 2022/12578, do 10 de marzo, da Presidencia da Deputación Provincial da Coruña (BOP núm. 50, do 15/03/2022), relativa á contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais nos concellos da provincia da Coruña durante o exercicio 2022 (PEL-Concellos).

3. O Concello das Pontes de García Rodríguez realizará o proxecto, que ten como obxectivo fomentar a empregabilidade nos concellos mediante a contratación de persoal para a prestación dos servizos municipais básicos e a execución de pequenas obras de reparación e mantemento relacionadas cos ditos servizos. Para tal fin, o concello contratará persoal que deberá estar, en todo caso, inscrito no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandante de emprego, de conformidade co establecido na Base 4.2 das Bases específicas do programa PEL-CONCELLOS 2022.

As tarefas a realizar serán as propias de cada posto, en todo caso as necesarias para a execución das competencias en materia de servizos mínimos municipais. A través do Decreto da Alcaldía 1287/2014, do 26 de xuño, declaráronse sectores prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos esenciais, entre outros, as unidades adscritas á área de obras destinadas ao mantemento e conservación de estradas, pistas, edificios públicos municipais e ao mantemento das infraestruturas locais básicas.

4. Mediante Providencia de data 18/03/2022 a concelleira-delegada da Área de Recursos Humanos, Industria e Emprego dispuxo a iniciación do procedemento de selección do persoal encamiñado á contratación de seis (6) peóns/peoas como persoal laboral temporal na modalidade contractual que corresponda, de acordo coa memoria e demais documentos que obran no expediente, para levar a termo o obxecto da subvención concedida a este concello.

5. No expediente obra o proxecto de bases, suscrito pola concelleira-delegada da Área de Recursos Humanos, Industria e Emprego o 29/03/2022.



# CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: MTF

6. O técnico de administración xeral (TAX) encargado da tramitación do procedemento emitiu un informe xurídico favorable, que leva data do 30/03/2022.

7. Pola súa vez, a Intervención Municipal emitiu o informe de fiscalización núm. 158/2022, do 26 de abril, no que formula un **reparo suspensivo**.

8. Mediante o Decreto núm. 561/2022, do 28 de abril, ditado polo alcalde en funcións, foi **levantado o reparo suspensivo**.

9. A través do Decreto núm. 580/2022, do 3 de maio, prestouse aprobación á convocatoria e ás súas bases.

10. A convocatoria e as bases que a rexen foron publicadas no *Boletín Oficial* da Provincia da Coruña (BOP) núm. 87, do 09/05/2022.

11. O prazo de presentación de solicitudes rematou o 16/05/2022.

Logo de examinada a documentación achegada polas persoas aspirantes comprobouse que algunhas delas non achegaron a documentación preceptiva.

12. A relación provisional de persoas aspirantes admitidas e das excluídas foi aprobada polo Decreto 700/2022, do 26 de maio.

Durante o período de reclamacións, que conluíu o 02/06/2022, foron presentadas escritos por parte de Noé López Valiña -que xustifica reunir os requisitos e, polo tanto, procede incluílo na relación definitiva como admitido- e Raimundo Balseiro Carreiras, quen non acredita atoparse en ningunha das situacións a que se refire a base núm. 4.i), polo que procede manter a súa exclusión.

A aspirante Begoña Lago Gómez, que figura como admitida, presentou documentación relativa aos méritos, achega que é irrelevante para os efectos do ditado da presente resolución, sen prexuízo da súa consideración, se procede, na fase de concurso.

## FUNDAMENTOS LEGAIS

A base núm. 5 das que rexen no procedemento, no que aquí interesa, sinala:

“Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a concelleira-delegada da Área de Recursos Humanos, Industria e Emprego ditará resolución, no prazo máximo de cinco días naturais, que se publicará no taboleiro de anuncios do concello (taboleiro electrónico: <https://sede.aspontes.org/opencms/es/informacion/>) e na páxina web municipal, declarando aprobada a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as, con indicación, se é o caso, das **causas de exclusión e outorgando o prazo improrrogable de cinco (5) días hábiles** seguintes á publicación da dita resolución, **para presentar as reclamacións oportunas ou emenda de defectos**, nos termos da LPACAP. Na resolución identificaranse ás persoas aspirantes que achegaron o certificado acreditativo do nivel de galego requirido e que, polo tanto, están exentas de realizar a proba de coñecementos da lingua galega. De non existir persoas excluídas, non se concederá prazo de reclamacións e a lista provisional elevarase a definitiva.



# CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: MTF

As persoas aspirantes que, dentro do prazo sinalado non emenden a súa exclusión, xustificando o seu dereito a ser incluídas na relación de persoas admitidas, serán consideradas definitivamente excluídas.

Transcorrido o prazo de emenda de defectos, de ser o caso, por existiren persoas excluídas, a concelleira-delegada da Área declarará aprobada a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas, que se publicará no taboleiro de edictos do concello (taboleiro electrónico: <https://sede.aspontes.org/opencms/es/informacion/>) e na páxina web municipal. Na citada resolución fixarase o lugar, data e hora de realización do primeiro exercicio. Tamén se designará o Tribunal que cualifique o proceso, nos termos especificados na base seguinte.

De non existir persoas excluídas, non se concederá prazo de reclamacións e a lista provisional elevarase a definitiva e nela fixarase o lugar, día e hora de realización do primeiro exercicio. Igualmente designaranse as persoas que integran o órgano de selección, tanto titulares como suplentes.”

Correspóndelle á concelleira-delegada da Área de Recursos Humanos, Industria e Emprego ditar a presente resolución, en virtude das atribucións que lle foron delegadas pola Alcaldía a través do Decreto núm. 993/2019, do 24 de xuño (BOP núm. 121, do 28/06/2019).

Por todo iso, a través do presente decreto, RESOLVO:

**1. Aprobar a relación definitiva** das persoas aspirantes **admitidas** e das **excluídas** no proceso selectivo para a contratación de persoal laboral temporal ao abeiro do programa de axudas á contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais nos concellos (PEL-CONCELLOS 2022)

**a) Persoas aspirantes definitivamente admitidas:**

APELIDOS E NOME	DNI	CELGA 2 OU EQUIVALENTE (*)
ARRANZ BELLAS, CARLOS CÉSAR	***7299**	SI
BAONZA SUÁREZ, JUAN CARLOS	***5259**	SI
BASANTA REQUEIJO, DOMINGO	***4280**	NON
BELLAS PICOS, CARLOS	***0550**	NON
BELLAS VÁZQUEZ, JESÚS MANUEL	***8643**	NON
BLANCO CUPEIRO, VERÓNICA	***0730**	SI
CAL CHAO, PLÁCIDO	***3825**	NON
CASTRO FRAGA, CLOTILDE	***0658**	SI
CORRAL GATO, ANA MARÍA	***2468**	SI
DA SILVA PACHECO, ALFREDO DINIS	****1634*	NON
FEAL ALLEGUE, JOSÉ MANUEL	***0759**	NON
FERNANDES FELPETO, ALEJANDRA	***4651**	NON



# CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: MTF

FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, JOSÉ MIGUEL	***1400**	SI
FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, MANUEL	***4741**	NON
FERNÁNDEZ FRANCO, UBALDO	***3696**	SI
FORMOSO OGANDO, JUAN RAMÓN	***7118**	SI
GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, MANUEL JOSÉ	***1719**	SI
LAGO GÓMEZ, BEGOÑA	***0015**	SI
LAPIDO DOLDÁN, PABLO	***8390**	NON
LÓPEZ BERMÚDEZ, ANA BELÉN	***1715**	SI
LÓPEZ GALEGO, JOSÉ MANUEL	***6506**	SI
LÓPEZ VALIÑA, NOÉ	**1416**	SI
MARTÍNEZ SORIA, ALFREDO ANDRÉS	***1124**	SI
MOLEDO CASTRO, EMILIA	***6429**	NON
MONTERO PICO, MARÍA BELÉN	***8534**	SI
OTERO GONZÁLEZ, LAURA	***4156**	SI
PARAPAR REY, GERARDO	***0996**	NON
PARDO ROUCO, JUNIOR	***4379**	SI
PEREIRA CARBÓN, MARÍA DEL MAR	***6064**	SI
PÉREZ CAL, JESÚS	***9359**	NON
PRIETO FUENTES, ADELINA	***7191**	NON
PRIETO RAMIL, JOSÉ	***0846**	NON
REGO TRASTOY, ANTONIO MIGUEL	***1782**	SI
RIVERA PIÑÓN, JUAN MANUEL	***6896**	SI
RIVERA VÁZQUEZ, JOSÉ RAMÓN	***3353**	NON
ROCHELA BOGO, PATRICIA	***3403**	SI
RODRÍGUEZ FREIRE, MIGUEL ÁNGEL	***1116**	SI
SECO ARNOSO, ENRIQUE	***5852**	SI
SEOANE SUEIRAS, LUISA	***1138**	SI
SOTO SOTO, MARÍA EMMA	***4732**	SI
TOJEIRO PITA, DAVID	***0857**	NON
VALCÁRCEL VILABOY, FERNANDO	***1481**	SI

(\*) As persoas que achegaron o Celga 2 ou equivalente (ou superior), están exentas de realizar a proba de coñecemento do galego, consonte dispón a base 7.3 das que rexen na convocatoria

b) Persoas aspirantes **definitivamente excluídas:**



# CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: MTF

APELIDOS E NOME	DNI	MOTIVO	CELGA 2 OU EQUIVALENTE
BALSEIRO CARREIRAS, RAIMUNDO	***4325**	Non acredita ningunha causa da Base 4.i)	SI
CASTRO FREIRE, MARTÍN	***6151**	Non acredita ningunha causa da Base 4.i)	SI
CENDÁN SACHOCOS, ÓSCAR	***2803**	Non acredita ningunha causa da Base 4.i)	SI
DA SILVA RODRÍGUES, MARÍA LUCIENE	****0202*	Non presenta tarxeta do paro	NON
FACHAL CRIADO, EDGAR	***4146**	Non acredita ningunha causa da Base 4.i)	SI
FERNÁNDEZ RIVERA, CARLOS	***4417**	Non acredita ningunha causa da Base 4.i)	NON
GARCÍA-VALENCIANO MUNDIÑA, DAVID	***1389**	Non acredita ningunha causa da Base 4.i)	NON
GUTIÉRREZ GARCÍA, BRUNO	***3810**	Non presenta DNI. Non presenta tarxeta do paro	NON
TOJEIRO LÓPEZ, MANUEL	***1774**	Non acredita ningunha causa da Base 4.i)	SI

2. O feito de figurar na relación de admitidos/as non prexulga que se lles recoñeza ás persoas interesadas a posesión dos requisitos esixidos, de conformidade coas bases da convocatoria, polo que, aínda no caso de se presentaren ao proceso selectivo, e mesmo superalo, se se comproba que non posúen algún dos requisitos decaerán en todos os dereitos que puidesen derivarse da súa participación no procedemento.

3. Designar as seguintes persoas, todas elas persoal funcionario ou laboral fixo deste concello, para integrar o órgano de selección (tribunal) na condición que en cada caso se indica:

**- Presidencia:**

- . Titular: José Cabaleiro Franco, funcionario da escala de administración especial.
- . Suplente: José Sanjurjo Paz, funcionario da escala de administración especial

**- Secretaría:**

- . Titular: Ana Isabel Caaveiro Franco, funcionaria da escala de administración xeral
- . Suplente: Marina Seco Paz, funcionaria da escala de administración xeral

**- Vogalías:**

1<sup>a</sup>):

. Titular: José Ramón Domínguez Fernández, funcionario da escala de administración especial



## CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: MTF

. Suplente: Otilia Pena Penabad, persoal laboral fixo

2ª):

. Titular: María Isabel Carballo Rivera, persoal laboral fixo

. Suplente: Ángeles Pérez Paz, persoal laboral fixo

3ª):

. Titular: Anselmo Pellón Augusto, funcionario da escala de administración especial

. Suplente: Richard González Alonso, funcionario da escala de administración especial

### - Asesora para a proba de galego (de ser o caso):

. María Flora Vázquez Alonso, oficial administrativa e de asesoramento lingüístico do Concello das Pontes de García Rodríguez

### - Persoal colaborador:

O tribunal poderá recabar o auxilio de persoal administrativo ou subalterno de apoio, de ser necesario, designado de entre o persoal funcionario ou laboral da entidade local por esta Concellaría-Delegada.

### 5. Fixar o **lugar, día e hora de constitución do tribunal e de realización do primeiro exercicio dos da fase de oposición**, nos seguintes termos:

a) Día: venres, **10 de xuño de 2022**

b) Lugar: **Nave Municipal situada no Polígono Industrial dos Airíos**

c) Constitución do tribunal: **09:00 horas**.

d) Realización do exercicio da fase de oposición (obrigatorio e eliminatorio): **09:15 horas**.

e) **Convocar** as persoas integrantes do tribunal para a constitución do dito órgano no lugar, data e hora sinalados.

f) **Convocar** as persoas aspirantes para efectuar o exercicio (obrigatorio e eliminatorio) da fase de oposición no lugar, día e hora indicados.

g) As persoas aspirantes deberán levar o documento de identificación (DNI ou pasaporte).

6. Establecer as medidas de **prevención** necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola **COVID-19**, como a seguir se indica:

a) **Recoméndase** que as persoas aspirantes leven **máscara**.



## CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: MTF

b) En todo momento cumprirán as instrucións do Tribunal e do persoal colaborador deste, para minimizar o risco de contaxio.

c) O tribunal resérvase a adopción de medidas complementarias de control no acceso e calquera outra que se considere procedente segundo as disposicións sanitarias vixentes en cada momento e as recomendacións das autoridades competentes na materia.

7. Publicar esta resolución no taboleiro electrónico do concello (<https://sede.aspontes.org/opencms/gl/informacion/>) e na páxina web municipal, para os efectos de coñecemento por parte do persoal aspirante e de impugnacións e recursos.

Esta resolución, que pon fin á vía administrativa, pode ser recorrida mediante a interposición de recurso potestativo de reposición ante a Concellaría Delegada competente, no prazo dun mes a contar desde a súa publicación no taboleiro electrónico, de acordo co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; ou directamente a través da interposición de recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 1 de Ferrol -ou o que resulte competente se a persoa recorrente fai uso da facultade de elección que lle permite o artigo 14.1, regra segunda, da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa (LRXCA)-.

Todo iso sen prexuízo da realización de cantas accións coide oportunas na defensa dos seus intereses lexítimos.

As Pontes de García Rodríguez, na data da sinatura electrónica

A concelleira-delegada da Área de Recursos Humanos, Industria e Emprego

Ana María Pena Purriños